

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 21 DE ABRIL DE 2026**

**PRESIDENTA:**

D<sup>a</sup> Diana Piñeiro Fernández

**ASISTENTES:**

D. Rubén Vázquez Pérez  
D<sup>a</sup> Patricia Esther Espiñeira Galán  
D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez  
D. Raúl Varela Fraguio  
D. Manuel Castro Uzal

**INTERVENTORA ACCIDENTAL:**

D<sup>a</sup> Sonia Machín Herranz

**SECRETARIA XERAL:**

D<sup>a</sup>. Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as dez horas do día vinte e un de abril do ano dous mil vinte e seis, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa, D<sup>a</sup>. Diana Piñeiro Fernández, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Rubén Vázquez Pérez, D<sup>a</sup> Patricia Esther Espiñeira Galán, D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez, D. Raúl Varela Fraguio e D. Manuel Castro Uzal.

Asiste á sesión a interventora accidental, D<sup>a</sup> Sonia Machín Herranz e actúa como secretaria a secretaria xeral do Concello, D<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.c) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 14 DE ABRIL DE 2026**

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 14 de abril de 2026, da que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 14 de abril de 2026.

### **2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA**

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Secretaría Xeral do Tesouro e Financiación Internacional, Ministerio de Economía, Comercio e Empresa, Resolución de 14 de abril de 2026, pola que se actualiza o anexo 1 incluído na Resolución de 4 de xullo de 2017, da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, pola que se define o principio

de prudencia financeira aplicable ás operacións de endebedamento e derivados das comunidades autónomas e entidades locais. BOE número 92, de 15-04-2026.

- Secretaría de Estado de Facenda, Ministerio de Facenda, Resolución de 10 de abril de 2026, pola que se establecen os criterios de distribución ás entidades locais da compensación prevista na disposición adicional sexta do Real decreto-ley 7/2026, de 20 de marzo, polo que se aproba o plan integral de resposta á crise en Oriente Medio. BOE número 93, de 16-04-2026.

- Secretaría de Estado de Facenda, Ministerio de Facenda, Resolución de 13 de abril de 2026, pola que se establecen os criterios de distribución ás entidades locais da compensación prevista na disposición octoxésima da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos xerais do Estado para o ano 2023, prorrogada para 2026. BOE número 93, de 16-04-2026.

- Servizo de Cultura, Igualdade e Dereitos Cívís da excma. Deputación provincial da Coruña, Resolución pola que se aproba a adxudicación aos concellos da provincia dos espectáculos correspondentes ao programa REDE CULTURAL 2026. BOP número 71, de 17-04-2026.

- Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, Resolución de 13 de abril de 2026, pola que se conceden as axudas convocadas ao abeiro da Orde de 13 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás agrupacións de persoal voluntario de protección civil de concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupacións de concellis galegos, e se convocan para o ano 2026 (código de procedemento PR460A). DOG número 73, de 21-04-2026.

### **3.- PROPOSTAS**

#### **3.1. PROPOSTA RELATIVA Á DESIGNACIÓN COMO DIRECTOR DE OBRA E RESPONSABLE DO CONTRATO DA OBRA “ORDENACIÓN Y URBANIZACIÓN ESPACIO PÚBLICO EN EL ENTORNO DEL APEADERO DE CECEBRE”. EXP: 2024/C003/000006**

A Presidencia somete a debate e consideración da Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 16 de abril de 2026 (CVD: rn22zGB4Qz0KfK0Lc9tj), que transcrita di:

#### **“PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DA AREA DE ECONOMÍA, FACENDA, CONTRATACIÓN, RÉXIME INTERIOR E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

Visto que por acordo da Xunta de Goberno Local de data 14 de abril de 2026, se adxudicou o contrato da obra “Ordenación y urbanización espacio público en el entorno del apeadero de Cecebre” incluída no Plan Provincial de cooperación as obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+Adicional 2/2023 a favor do licitador “Excavaciones y Canalizaciones Conde, S.L.”, no prezo ofertado de 299.182,57 euros sen IVE (362.010,91 euros IVE incluído). (Exp: 2024/C003/000006).”

Visto que no dito acordo, entre outros, designouse como director de obra e responsable do contrato ao enxeñeiro de obras públicas interino, don David Fraga Germade, a quen corresponde a labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións e dictar as instrucións necesarias, co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, de conformidade coa cláusula 22 do PCAP.

Vista á Resolución do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico, número 289/2026 de 13 de abril, na que se resolve nomear como enxeñeiro técnico de obra pública interino, a don Rubén Jimenez Paradelo.

Visto canto antecede e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 391/2025, do 30 de abril, propoño a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Deixar sen efecto a designación como director de obra e responsable do contrato da obra “Ordenación y urbanización espacio público en el entorno del apeadero de Cecebre”, efectuada en sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada con data 14 de abril de 2026, de don David Fraga Germade, e designar director de obra e responsable do contrato, don Rubén Jimenez Paradelo, enxeñeiro técnico de obras públicas interino.

**Segundo:** Notificar o presente acordo ao adxudicatario, e dar traslado aos enxeñeiros técnicos de obras públicas interinos, para a súa constancia e para os efectos oportunos.”

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 16 de abril de 2026 (CVD: rn22zGB4Qz0KfK0Lc9tj), resultando aprobada por unanimidade, polo que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

### **3.2. PROPOSTA RELATIVA Á DESIGNACIÓN COMO DIRECTOR DE OBRA E RESPONSABLE DO CONTRATO DA OBRA “MELLORA DO PARQUE INFANTIL SITUADO EN RÚA FRANCISCO RODRÍGUEZ”. EXP: 2024/C003/000004**

A Presidencia somete a debate e consideración da Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 16 de abril de 2026 (CVD: 11R6v8Xzo37ncCiMJKhL), que transcrita di:

#### **“PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DA AREA DE ECONOMÍA, FACENDA, CONTRATACIÓN, RÉXIME INTERIOR E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

Visto que por acordo da Xunta de Goberno Local de data 5 de marzo de 2026, se adxudicou o contrato da obra “Mellora do parque infantil situado en rúa Francisco Rodríguez” incluída no Plan Provincial de cooperación as obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+Adicional 2/2023 a favor do licitador “EULEN, S.A.”, no prezo ofertado de 100.438,87 euros sen IVA € (121.531,03 euros IVA incluído). (Exp: 2024/C003/000004).”

Visto que no dito acordo, entre outros, designouse como director de obra e responsable do contrato ao enxeñeiro de obras públicas interino, don David Fraga Germade, a quen corresponde a labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións e dictar as instrucións necesarias, co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, de conformidade coa cláusula 22 do PCAP.

Vista á Resolución do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico, número 289/2026 de 13 de abril, na que se resolve nomear como enxeñeiro técnico de obra pública interino, a don Rubén Jimenez Paradelo.

Visto canto antecede e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 391/2025, do 30 de abril, propoño a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Deixar sen efecto a designación como director de obra e responsable do contrato da obra “Mellora do parque infantil situado en rúa Francisco Rodríguez”, efectuada en sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada con data 14 de abril de 2026, de don David Fraga Germade, e designar director de obra e responsable do contrato, don Rubén Jimenez Paradelo, enxeñeiro técnico de obras públicas interino.

**Segundo:** Notificar o presente acordo ao adxudicatario, e dar traslado aos enxeñeiros técnicos de obras públicas interinos, para a súa constancia e para os efectos oportunos.”

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 16 de abril de 2026 (CVD: 11R6v8Xzo37ncCiMJKhL), resultando aprobada por unanimidade, polo que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

#### **4.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas de área dende o día 10 ao 16 de abril 2026, que comezan coa resolución da Alcaldía núm. 285/2026 e rematan coa resolución da Alcaldía núm. 298/2026, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
285/2026	10-04-2026	Aprobar o aboamento da nómina proporcional e complementaria correspondente ao mes de febreiro de 2026 de MMFL por un importe total bruto de 308,79 €
286/2026	10-04-2026	Convocatoria da sesión ordinaria Xunta Goberno Local do día 14 de abril de 2026
287/2026	10-04-2026	Expedientes sancionadores de tráfico
288/2026	13-04-2026	Aprobar a proposta de mandamento de pago, así como o seu pagamento de 556.243,60 euros, a favor do Consorcio das Mariñas,

		pola taxa de recollida do lixo do terceiro trimestre de 2025
289/2026	13-04-2026	Nomear a RJP como enxeñeiro técnico de obra pública interino, encadrado na escala de Administración Especial, Subescala técnica, clase técnicos medios, pertencente ao subgrupo de clasificación profesional "A-2" por acumulación de tarefas, de conformidade co art. 23.2 d) da Lei 2/2015, do Emprego Público de Galicia
290/2026	13-04-2026	Aprobar a incorporación de remanentes de crédito do exercicio 2025 número 2/2026 por importe de 199.187,43 euros por ser obrigatoria ao financiarse por importe de 199.187,43 euros con compromiso de ingreso
291/2026	13-04-2026	Nomear a JCG como enxeñeiro técnico de obra pública interino, encadrado na escala de Administración Especial, Subescala técnica, clase técnicos medios, pertencente ao subgrupo de clasificación profesional "A-2" por acumulación de tarefas, de conformidade co art. 23.2 d) da Lei 2/2015, do Emprego Público de Galicia
292/2026	14-04-2026	Complementar a resolución núm. 289/2026, de data 13 de abril, de nomeamento RJP como enxeñeiro técnico de obras públicas interino, encadrado na escala de Administración Especial, Subescala técnica, clase técnicos medios, pertencente ao subgrupo de clasificación profesional "A-2", por acumulación de tarefas, dispoñendo que o período da acumulación será de nove (9) meses, máximo previsto no art. 23.2 d) da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia
293/2026	15-04-2026	Aprobar a liquidación das retencións do Imposto sobre a renda das persoas físicas practicadas por este concello por rendementos do traballo ao persoal municipal no mes de marzo de 2026 por importe de 67.671,52 euros. Aprobar a proposta de mandamento de pago, así como o pagamento de 67.671,52 euros
294/2026	15-04-2026	Levantar os reparos emitidos pola intervención municipal no informe de intervención providencia- facturas de data 01.04.2026, no que se emite informe de reparo suspensivo, entre outras, ás facturas que se sinalan na consideración quinta, sexta e sétima do mesmo tendo en conta os informes emitidos pola coordinadora de Servizos sociais de data 01.04.2026, polo oficial en funcións de xefe da policía local de data 06.04.2026, polo responsable do sistema informático con data 06.04.2026 e polo enxeñeiro técnico de obras públicas interino con data 10.04.2026. Aprobar as facturas por importe total de 254.670,04 euros
295/2026	15-04-2026	Comparecer no procedemento citado perante o Xulgado do Social número 2 da Coruña, demanda procedemento ordinario de JGG contra o Concello de Cambre, exercitando este concello o seu dereito á defensa como parte demandada e encomendando tal defensa e representación aos letrados adscritos á Asesoría Xurídica da Excma. Deputación Provincial, de conformidade co disposto no artigo 4.b) do Regulamento de Asistencia Xurídica da Excma. Deputación da Coruña, publicado no BOP número 245 de 25 de outubro de 1988
296/2026	15-04-2026	Expedientes sancionadores de tráfico
297/2026	16-04-2026	Aprobar a relación de aspirantes que formarán parte da listaxe para

		posibles nomeamentos interinos de enxeñeiros de camiños, canais e portos
298/2026	16-04-2026	Inscribir a unión non matrimonial entre DVL e JEE no Rexistro Municipal de Unións non matrimoniais do Concello de Cambre, co número 01/2026, con efectos do 31 de marzo de 2026

### **5.- ASUNTOS SOBREVIDOS**

Non se tratou ningún asunto sobrevido.

### **6.- ROGOS E PREGUNTAS**

Non se formulou ningún/ningunha.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as dez horas e cinco minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace

A presidenta

Diana Piñeiro Fernández

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo